



Consello
Consultivo
de Galicia

NOTA

Inicio dos trámites para a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT).

Na sesión do 11.3.2026, o Pleno do Consello Consultivo de Galicia aprobou a proposta de modificación da relación de postos de traballo, co que se deu inicio aos trámites administrativos necesarios para a súa aprobación. A RPT vixente foi aprobada polo Consello da Xunta na súa reunión do 28 de xullo de 2025 e publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) número 146, de data 1 de agosto de 2026.

Este procedemento pretende dar cobertura á modificación que a Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas introduce na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. En concreto, a nova redacción establece “que se crea a Comisión da Transparencia como órgano colexiado independente adscrito ao Consello Consultivo de Galicia. Igualmente atribúense as funcións do Comisionado da Transparencia á Presidencia do Consello Consultivo”.

Unha vez rematado o proceso de tramitación e, no seu caso, aprobada a modificación polo Consello da Xunta, procederase á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.